

O FILLO ÚNICO

[Hitori musuko, Yasujiro Ozu
1936, Xapón, 87 min., VOSE]

Lingua **Xaponés**

Dirección **Yasujiro Ozu**

Guión **Tadao Ikeda, Masao Arata**

Fotografía **Shojiro Sugimoto**

Montaxe **Eiichi Hasegawa, Hideo Mohara**

Música **Senji Ito**

Elenco **Choko Iida, Himori Shin'ichi, Masao Hayama, Yoshiko Tsubouchi, Chishū Ryū, Tomoko Naniwa, Bakudan Kozo, Mitsuko Yoshikawa, Tokkan Kozo, Eiko Takamatsu**

Produtora **Shôchiku (Xapón)**

Distribución **Pentoe Films**

En 1923, na provincia de Shinshu, Tsune Nonomiya, unha muller viúva e humilde traballa arduamente nunha fábrica de seda para que o seu fillo, Ryosuke, un estudante brillante, poida ir á escola e converterse nun grande home. Cando Tsune, logo de trece anos de separación, chega inesperadamente a Tokio para visitar o seu fillo, non tardan en agromar a vergonza e a frustración.

OUTUBRO

Martes 8 **BUSHMAN**

(David Schickele, 1971, EE UU, 75 min., VOSG)

Martes 15 **NOT A PRETTY PICTURE**

(Martha Coolidge, 1975, EE UU, 83 min., VOSE)

Martes 22 **HERE**

(Bas Devos, 2023, Bélxica, 84 min., VOSE)

Luns 28 **HISTORIA DUNHA VECIÑANZA**

(Yasujiro Ozu, 1947, Xapón, 72 min., VOSE)

Martes 29 **MÚSICA**

(Angela Schanelec, 1923, Alemaña, 108 min., VOSG)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



O FILLO ÚNICO

YASUJIRO OZU

CINECLUBE PONTEVEDRA

Ozu decide abrir o seu primeiro filme sonoro con esta cita de Ryūnosuke Akutagawa: «A traxedia da vida comeza co vínculo entre pais e fillos». O célebre escritor de contos falecera poucos anos antes da realización desta fita. A súa infancia estivo marcada pola convivencia cunha nai que padecía unha enfermidade mental, o que se traslada á súa obra. O xeito en que os pais lles transmiten ensinanzas aos fillos e proxectan neles os seus soños e ansiedades é un terreo común de exploración para Akutagawa e Ozu, polo que resulta apropiado que, dalgún xeito, o segundo guíe a lectura do seu filme citando o literato. *O fillo único* volve tratar as relacións paterno-filiais, como tantas veces na filmografía de Ozu, dunha forma especialmente notable. [...] Enfróntanse aquí dous espíritos, un máis urbano e capitalista, que procura obxectivos inmediatos; outro máis rural e sosegado, con fondas raíces espirituais budistas, que cre no ideal do tesón diario sen agardar resultados concretos e que ten sempre presente o concepto da impermanencia.

Aínda que de xeito máis tímido que nos seus filmes posteriores, Ozu desenvolve xa aquí unha linguaxe cinematográfica asentada e propia, que confía na frontalidade do plano-contraplano para captar a expresividade dos seus actores dun xeito máis intimista. É un trazo único e característico do seu cinema. Outro gran valor estilístico do filme é o seu aspecto documental. Ozu móstranos unha cidade cambiante e en constante eferescencia onde se introducen novos hábitos. Por exemplo, o consumo de ramen, un prato de orixe chinesa que a nai come por primeira vez, mais que un século despois está tan introducido na cocina nipoa que mesmo o exportan como propio. Mais, sen dúbida, a súa principal contribución neste eido é a captación das transformacións urbanas que se deron nesa altura e que fican como documento único do que un día Tokio foi.

Extracto de filmotecadegalicia.xunta.gal.

A BARREIRA DO SON POR ANTONIO SANTOS

Aínda que se considere *O fillo único* como o primeiro filme sonoro de Ozu, non se debe esquecer o intermedio documental que, con banda sonora e narración en fóra de campo, ofrecera *Kagamiyshi*. Logo de superar ambas experiencias, o director xaponés desterra definitivamente os seus reparos cara á nova técnica cinematográfica. Inicialmente, *O fillo único* foi concibido como filme mudo, e ironicamente o primeiro título previsto era *Tokio é un lugar agradable*. Non obstante, e por imposicións da Shochiku, a súa rodaxe interrompeuse para adaptalo a filme sonoro. Así mesmo, mudouse o título, demasiado semellante aos dous filmes anteriores de Ozu, e fixéronse algúns axustes no elenco. Por se todas estas altercións fosen poucas, este foi tamén o último filme de Ozu rodado nos estudos Kamata de Shochiku. Estas dependencias atopábanse xunta as vías do tren, cuxo paso

incesante dificultaba enormemente a rodaxe de filmes sonoros. De xeito que, en xaneiro de 1936, Shochiku clausurounas para trasladarse á súa nova sede en Ofuna, onde dispoñían do equipamento adecuado para a produción sonora.

Apelando á lealdade cara a un dos seus principais colaboradores, Ozu utilizou o sistema de son ideado polo operador Hideo Mohara, chamado SMS (Super Mohara Sound), malia que a Shochiku utilizaba normalmente outro sistema sonoro: o Tsuchihashi. Talvez debido á súa negativa a usar o sistema sonoro adoptado polo estudio, Ozu preferiu rodar o seu primeiro filme sonoro nos estudos de Kamata, aínda que estaban xa practicamente desmantelados, ata o punto de que parte destes tiveron que ser parcialmente reconstruídos para acometer esta rodaxe. Ademais, os antigos estudos non estaban insonorizados, o que supuxo unha dificultade engadida. Por esta razón, os traballos debían comezar moi tarde, cando diminuían os ruídos exteriores. A filmación facíase, polo tanto, de noite, o que contribuíu a incrementar a tonalidade sombriza do filme. Debido a todas estas circunstancias, o resultado acústico deixou moito que desexar. O deficiente rexistro e a pobre sincronización dos diálogos prexudicaron sensiblemente o elegante traballo do director, o que xustifica que a partir do seguinte filme Ozu se traslade definitivamente a Ofuna, onde rodará toda a súa restante obra para Shochiku, acomodándose ao equipamento oficial da compañía.

Na súa posición de filme bisagra, *O fillo único* clausura un capítulo na filmografía de Ozu, ao tempo que serve de prólogo a unha nova etapa, que así mesmo dará froitos exquisitos. Esta obra compendia o conxunto da súa etapa muda, ao tempo que afianza trazos e situacións características do que vai acontecer na súa filmografía. O que non impide que conte, ademais, con diversas singularidades.

O fillo único é, por outra banda, a última obra en que Ozu reflicte a crise orixinada pola depresión dos anos 30. Acto seguido, o director foi recrutado polo exército. Malia a súa trama dramática e sombriza, o filme foi concibido orixinalmente como unha comedia. O principal condicionante da comedia en Ozu é a amargura da vida. E a situación que vivía o país, a mediados da década, non convidaba precisamente ao optimismo. A situación dos estudantes non era propicia para as súas aspiracións laborais, nin no ambiente académico nin fóra deste. En 1936, o 44 % do estudantado licenciado estaba no paro, proba elocuente do fracaso das políticas de emprego e educación baseadas no concepto do *risshin shusse*: a exaltación do esforzo persoal e a educación como clave do éxito en prol dos intereses nacionais.